



## Lectura de textos - LG

A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a sexta edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias](#) (FEDEPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#) co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sexta edición, o tema elixido é **Ler as idades da vida**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras. Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura deste texto, homenaxeamos este 18 de outubro a estas autoras:

### EMMA PEDREIRA (A Coruña, 1978)

Filóloga, poeta e narradora. Pertence á Plataforma de Crítica Feminista A Segá. Forma parte da denominada Xeración Poética dos 90. **Emma Pedreira** (A Coruña, 1978) é unha das máis poderosas e singulares voces da actual poesía galega. Encadrada na coñecida como Xeración dos 90, estreouse cos versos do *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999). Dúas décadas despois recibe o Premio da Crítica (2017) e o Premio Xerais de Novela (2018). En todo este tempo foi tecendo ata unha ducia de libros de poemas (sempre premiados) onde destila a súa visión fonda, crítica, potente e feminista da vida.



Emma Pedreira en [palabradegatsby.com](http://palabradegatsby.com)

#### TEXTO 1:

#### De *Os libros que hai en min*. Ed. Cuarto de inverno, 2021

Pero os días que viñan serían os máis desacougantes da miña vida. Un día pola mañá a miña avoa marchou a unha revisión do médico e non volveu máis. Ingresáranas na residencia e, durante cerca de tres meses só puiden vela desde o aparcadoiro do hospital (...).

Durante eses tres meses escribinlle á avoa unha carta diaria. Unha carta-diario, onde lle contaba todo o que me acontecía durante o día, o moito que a botaba de menos e o que desexaba que volvесе á casa. Nun dos sobres incluín aquel recortinho de xornal co poema que lle gustaba tanto, para que puidese lelo. E lía cada noite aquel libro que escolleramos xuntas na feira do libro: *O principião*.

*Desta vai o primeiro libro e...*

Durante os anos máis crus da adolescencia, escribir diarios, cartas e apuntamentos bastante idiotas nas marxes dos libros converteuse para min en algo case obsesivo. Saír de festa e a noite non me gustaba demasiado. Saír tiña que ser para viaxar e a noite para ler, escoitar música e escribir. Encerrábame a atesorar libros e contaba unha e outra vez os cartos para poder mercalos. Contaba unha e outra vez os volumes que ía xuntando na miña biblioteca. Contaba unha e outra vez os poemas que escribía pero que non funcionaban, non me dicían nada, e que ían para o lixo.

Acné e folios





DÍA DAS ESCRITORAS

## ROSA ANEIROS (Meirás-Valdoviño, 1976)

É xornalista e investigadora da Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Colaboradora habitual en distintos medios de comunicación impresos e dixitais. En 1999 presentou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser*.

Outros títulos seus:

- *Corazóns amolecidos en salitre*
  - *Resistencia* - Premio Arcebispo Xoán de San Clemente, 2003)
  - *O xardín da media lúa*
  - *Veú visitarme o mar*
  - *Ás de bolboreta* - Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro xuvenil e Premio The White Ravens (Internationale Jugend Bibliothek) 2010
  - *Sol de Inverno* - Premio Xerais de Novela 2009.
  - Triloxía **Ámote Leo A.**: *Ámote Leo A. Destino xalundes* (Xerais, 2013), *Ámote Leo A. Estación de tránsito*; e *Ámote Leo A. Terminal de chegadas*
- Títulos para infantil e xuvenil:
- *Orestes perde o sentido!* (colección **Sopa de Libros** de Xerais)
  - Na colección **Merlín**: *Xelís, o guieiro das botellas de mar* (Premio Merlín de Literatura Infantil 2019), e *Tres bichicomas, dúas illas e unha serea* (Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade 2018).



Imaxe da [ficha da autora en Xerais](#)

### TEXTO 2: De *Sol de inverno*. Ed. Xerais, 2009.

«*Es Inverno. Inverno. Nena de pel branquísima e fazulas coloreadas polo sol ato do verán. Es Inverno, cativa de xílgaros nas mans e notas musicais na cuberta do peito. Ti es Inverno, Inverno, aínda que no teu corpo nunca callou unha mísera folerpa. Si. Es Inverno, a muller náufraga que fuxiu dunha batalla para recalar noutra guerra moito peor. Nesoutra guerra en que os homes non se feren con balas de chumbo, só se asasinan con silencios e ameazas, desatados da terr da que foron capitáns. Lémbrao, es Inverno, aférrate a iso con unllas e dentes. Esgaza a carne e retorce o pelo pero non perdas iso. Apaña os recordos desde estoutra beira da vida que agora te mira. Apaña, Inverno, os restrollos que che arrastra a maré. Sé unha crebeira, Inverno, apaña o refugallo a refugallo as esmolos que che concede esta loita contra o tempo. Es a cativa que cruzou o mundo para te defenderes das lembranzas, para fuxires do insoportable retrouso da metralla de lume... E mírate agora, Inverno, só deveses por lembrar. Por seguir existindo nas palabras que che vai perdoando esta intensa vida.*

*Comeza polas lembranzas primeiras. Serache máis doado. Vai amodiño, gorenta palabra a palabra, cada imaxe, cada son. Vai devagar, fai que perdure ese instante en que todo volve. Vai tirando do fío e deixa que o nobelo vaia esmigallando entre os teus dedos. Agarra cada centímetro de memoria e baila outra volta por riba dela. Coma se foses unha buxaina nun torreiro. Farás que todo volva, se é que algunha vez marchou. Se é que algunha vez existiu. Ti, Inverno, eras nena de moitas palabras. Sabías poñerlle nome a todo, sabías posuír o mundo. Pero o tempo irachas roubando. Esquecerás os significados e tamén os significantes. Esquecerás saber que nome recibe o tempo, os abrazos, os sentimentos, as ausencias. Borrará cada son para que as lagoas sexan menos fondas. Esquecerás o teu propio corpo. Mais hoxe precisas volver a aquel espazo. Precisas volver a Antes, o lugar onde medraba o salitre e o azafrán. As cereixas e o sal. Alí, Antes, xusto ao norte de todos os latexos. Onde o vento dá a volta e forma rodopíos na memoria.*

*Agora, Inverno, só agarda lembrar. É o último facho que queda aceso para continuar vivindo. Volver a Antes.»*